



O profesor de Neurobioloxía ofreceu onte unha charla no IES Chano Piñeiro de Forcarei | MIGUEL SOUTO

## O neurobiólogo Xurxo Mariño convida á reflexión sobre os difusos límites entre realidade e ficción

A ESTRADA/LA VOZ. O avance espectacular das tecnoloxías da información está axudando a facer descubrimentos sorprendentes sobre o funcionamento do cerebro. Moitas das novas achegas suscitan cuestións filosóficas importantes. A medida que se amplían os datos sobre os mecanismos que utiliza o sistema nervioso para crear as percepcións conscientes, as barreiras

entre realidade e ficción se disipan. Sobre este dilema convidou onte a reflexionar ós alumnos do IES Chano Piñeiro de Forcarei o neurobiólogo Xurxo Mariño. É profesor desta especialidade na facultade de Ciencias da Universidade da Coruña e colaborador no programa *Conexións* da TVG.

Mariño desacougou ó alumnado de cuarto de Secundaria

e de primeiro de Bacharelato poñendo en dúbida que sexa posible ter un coñecemento obxectivo do mundo que nos rodea e que se poida diferenciar o mundo real do inventado polo noso cerebro.

A consciencia, que xurde da actividade das neuronas, é o proceso máis complexo e misterioso que aínda lle queda por explicar á Bioloxía.